



- Trail: 26,00 Km.
- Mini Trail: 16,00 Km.
- Andaina non Competitiva: 16,00 Km.
- “PequeTrail”: Segundo inscrición.

1. ORGANIZACIÓN. O Concello da Baña organizan coa colaboración do Clube Seixos e a asociación de Empresarios A Baña Emprende o TRAIL DA BAÑA, con dúas distancias na modalidade de Trail, unha aproximada de 26 Km. e un desnivel positivo duns 780 mts, outra distancia de aproximadamente 16 km e un desnivel positivo aproximado de uns 500 mts, e unha na modalidade de andaina non competitiva de 16 km. Tamén se celebrará unha proba simbólica para nenos e nenas “Pequetrail” adaptada ao número e idade das inscricións.

2. DATA E TEMPOS. As probas celebraranse o Domingo 02 de outubro de 2022, ás 09:45 h. nas modalidades de Trail e ás 10:00 h, para a modalidade da andaina e Pequetrail, con saída e chegada nas proximidades da Praza do Concello.

O evento é libre, podendo participar tanto persoas federadas como non federadas. A idade mínima para participar en ambas probas será de 18 anos, para os menores de esta idade e ata os 16 anos deben de ter un consentimento asinado por un titor ou titora legal. No caso da andaina, poden participar menores de idade acompañados do titor ou titora.

Non hai tempo máximo para completar a proba de Trail e Mini Trail pero, en ningún caso, debe superar as 6 horas máximo dende a saída. Transcorrido este tempo, péchase o control de chegada.

Hai controis de paso, e a organización poderá en todo momento alteralos por seguridade ou por causas do tempo atmosférico.

A organización resérvase o dereito de poder retirar da carreira a calquera participante que pase os controis fóra do tempo establecido. O corredor terá a posibilidade de continuar pola súa conta sen ningún tipo de apoio por parte da organización e baixo a súa responsabilidade e risco.

Os e as participantes que non terminen no tempo establecido pola organización quedarán descualificados.

A andaina estará auxiliada por membros da organización e nunca se poderá abandonar dita formación se non está autorizado polo responsable organizativo, xa que hai partes comúns co percorrido das outras probas e pode xerar confusión ou accidentes.

É responsabilidade de cada participante seguir na ruta correcta da etapa, para o cal a organización sinalará con todos os medios dispoñibles os enclaves conflictivos de cada unha delas e será motivo de descualificación non seguir o trazado designado ou saltarse os controis de paso, así como detectar recortes no percorrido. A organización resérvase a posibilidade de cancelación por causa xustificada e tamén o cambio de datas e lugares de celebración, o cal será sempre comunicado con antelación, salvo que se teña que suspender o mesmo fin de semana por causas climatolóxicas ou xustificadas, neste último caso no haberá dereito á devolución da inscrición.

3. ABASTECIMENTOS, PRINCIPIOS E MATERIAL.- Haberá os seguintes abastecementos nas tres modalidades de participación:

- **TRAIL:** Tres líquidos e sólidos, (nº1, km.11), (nº2, km.17), meta (km.26) , e un líquido no paso intermedio (km.6,5). Distancias aproximadas.
- **MINI TRAIL:** Tres líquidos e sólidos (nº1, km. 5), (nº2 km.10), e meta (km.16). Distancias aproximadas.
- **ANDAINA:** Tres líquidos e sólidos (nº1, km. 5), (nº2 km.10), e meta (km.16). Distancias aproximadas.
- **PEQUETRAIL:** líquidos e sólidos na meta.

Estes puntos quilométricos son aproximados, a organización poderá aumentar ou mover os abastecementos segundo a climatoloxía ou por causas debidamente xustificadas, sempre en beneficio do desenvolvemento da proba.

Semi-autosuficiencia. Estas carreiras réxense polo principio de carreira individual en semi-autonomía, é dicir, a capacidade dun corredor ou corredora de organizarse a súa propia supervivencia entre dous abastecementos, tanto desde o punto de vista alimentario como de vestiario, de seguridade, permitindo a resolución sen axuda dos posibles problemas previsibles considerando o entorno (enfermidade, problemas psíquicos, feridas, etc.). Cada corredor debe levar durante

toda a carreira todo o material obrigatorio si é o caso ou facer caso das recomendacións da organización respecto a isto. Este material pode ser requirido na saída, a vez que en calquera momento os responsables dos puntos de control da carreira poden solicitar unha comprobación de devandito material. Todos os corredores ou corredoras están obrigados e obrigadas a someterse aos controis con amabilidade, incumprir o control ou non levar o material obrigatorio dá lugar a unha retirada ou penalización. *Para este tipo de probas non é obrigatorio ningún tipo de material auxiliar.*

Material Recomendable para as probas: impermeable, teléfono móbil cargado, vaso e sistema de hidratación propio.

Dado o noso compromiso co medio ambiente e co fin de evitar xerar residuos, non haberá vasos plásticos, haberá una cantidade limitada de vasos reciclados de cartón nas zonas dos abastecementos. Os participantes que porten envases ou residuos deberán cargar con eles ata depositalos no abastecemento máis próximo ou na liña de meta onde haberá depósitos para a súa recollida.

4.CATEGORÍAS E PREMIOS.- As idades de referencia das categorías terán que estar cumpridas na data da carreira.

TRAIL*

- Absoluta 18 anos en diante.
 - Tres primeiras e tres primeiros postos.
- “Veteranos e veteranas 1” desde 40 anos en diante.
 - Tres primeiras e tres primeiros postos.
- “Veteranos e veteranas 2 “desde 55 anos en diante.
 - Tres primeiras e tres primeiros postos.

*Premios non acumulativos.

MINI TRAIL

- Absoluta 18 anos en diante.
 - Tres primeiras e tres primeiros postos.
- Veteranos e veteranas 1 , desde 40 anos en diante.
 - Tres primeiras e Tres primeiros postos.

- Veteranos e veteranas 2, desde 55 anos en adiante.
- Tres primeiras e tres primeiros postos.

*Premios non acumulativos.

O titor ou titora que firme a autorización é o responsable en todo momento do menor, dando consentimento á organización de poder gravar imaxes ou sacar fotos durante o percorrido e podendo ser publicadas ou divulgadas posteriormente.

Todo corredor ou corredora terá que avisar aos seus acompañantes de dito consentimento, de non facerse, o corredor asumirá toda a responsabilidade.

5. INSCRIPCIÓN.- A inscrición realizarase online a través da web <http://www.galitiming.com> realizando o ingreso a través da pasarela de pago mediante tarxeta bancaria. A inscrición inclúe: dorsal personalizado, obsequio de participación, cronometraxe/clasificacións (Trail e MiniTrail), seguro de accidentes/responsabilidade civil, abastecementos, servizo médico, ambulancia e servizo de fisioterapia no final da proba.

Os dorsais unha vez asignados son persoais e intransferibles, debendo colocarse na camiseta, a altura do peito, con imperdibles ou cinta porta-dorsal, permanecendo sempre visible. Todo corredor ou corredora que porte un dorsal que no sexa o seu poderá ser penalizado e retirado da proba e en caso de entrar en meta en posición de podio, será descualificado. A retirada de dorsais será o domingo 2 de outubro desde as 8:00 h ás 9:30 na Praza do Concello, debendo presentar para a súa retirada documento de identidade. No caso de non poder recoller o dorsal en persoa, débese entregar unha autorización impresa previamente firmada a un terceiro coa documentación necesaria e mostrar fotocopia do DNI/NIE orixinal do titular do dorsal, entregando dita autorización nas mesas de recollida de dorsais. Non se entregarán dorsais a aqueles que no cumpran con estes requisitos. Os prezos serán de 15 euros para a modalidade de Trail, 12 para o MiniTrail, 10 para andaina e 5 para o PequeTrail.

Haberá una charla técnica o Domingo 2 de outubro previa ás saídas das probas. A cronometraxe realizarase mediante o sistema de Galitiming por chip.

Todo corredor ou corredora non inscrito será responsable de calquera dano causado durante o transcurso do evento.

A retirada da proba voluntaria debe facerse sempre nos abastecementos e comunicarlle ao persoal da Organización dito feito.

6.INFRACCIÓNS.- Consideraranse infraccións o seguinte:

- .-Non auxiliar ou socorrer a outro participante que se encontre en perigo ou accidentado.
- .-Realizar calquera acción voluntaria que dane o entorno natural.
- .-Arroxar calquera desperdicio durante o percorrido, fóra dos depósitos previstos pola organización ou áreas de abastecementos.
- .-Non realizar o percorrido completo.
- .-Non levar o dorsal, manipulalo ou cedelo a outra persoa.
- .-Alterar os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu D.N.I ou N.I.E.
- .-Comportamento non deportivo ou non respectuoso con organizadores/as, colaboradores,/as, público e outros participantes.
- .-Responsabilidade ou participación negligente nun accidente no que se ve envolto outro participante.
- .-Calquera outro motivo non reflectido entre os puntos anteriores que se considere castigado pola Organización. A Organización poderá designar unha sanción tanto de tempo como de suspensión do participante.

7.CAMBIOS.-A Organización resérvase o dereito de realizar calquera cambio por necesidades organizativas ou polo beneficio dos participantes, debendo comunicalo aos mesmos antes da saída ou cando sexa posible durante o transcurso da mesma. A organización poderá suspender e aprazar a proba se se observa un risco para a seguridade dos participantes, por causa de forza maior, por condicións meteorolóxicas extremas que desaconsellen a súa celebración ou calquera outro motivo que estea xustifico. Calquera modificación notificarase debidamente e coa máxima antelación posible.

8.RESPONSABILIDADE.- Cada participante no momento da súa inscrición manifesta encontrarse nunha forma física e psíquica axeitada para afrontar o reto desta proba e asume o risco derivado desta práctica deportiva.

A Organización non se fai responsable dos danos, prexuízos ou lesións que os participantes poidan sufrir ou causar a terceiros, como tampouco dos gastos, débedas ou danos que puideran contraer durante o evento. A Organización, ten subscrito un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes para todos os participantes debidamente inscritos que cubrirán as incidencias da proba. Quedan excluídos da póliza os casos derivados dun padecemento latente, inobservancia das leis, imprudencia e os producidos por desprazamento a ou desde o lugar no que se desenvolve a proba.

9.ACEPTACIÓN, DESCARGO DE RESPONSABILIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS.- Os e as participantes, polo feito de inscribirse libre e voluntariamente, declaran coñecer e aceptar plenamente o presente regulamento. No caso de dúbidas ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, prevalecerá o que dispoña a tal efecto a organización. Polo simple feito de inscribirse, o participante declara o seguinte:

“Atópome en estado de saúde óptimo para participar no Trail da Baña 2022. Ademais, eximo de toda responsabilidade á organización, patrocinadores e outras institucións participantes ante calquera accidente ou lesión que puidera sufrir antes, durante e ou despois do evento deportivo, renunciando dende xa a calquera acción legal en contra de calquera das entidades mencionadas.

Autorizo ademais a que a organización faga uso publicitario de fotos, vídeos e calquera outro tipo de material audiovisual no que poida figurar eu, acompañantes ou outros corredores que eu inscriba, debendo notificalos de dita cesión ou autorización, e aceptando a publicación de nomes e apelidos na clasificación da proba nos medios de comunicación e/ou Internet, sin esperar pago, compensación ou retribución algunha por este concepto”.

O Concello da Baña ou calquera outro patrocinador da proba, por si mesmos ou mediante terceiras entidades, poderán almacenar, tratar como establecen a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, da protección de Datos de Carácter Persoal, todos os datos persoais facilitados polos participantes e as imaxes obtidas no desenvolvemento da carreira serán almacenadas en ficheiros da entidade coa



finalidade de xestionar a participación na carreira, así como a promoción, a distribución e a difusión da mesma. Podendo en calquera momento exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando un escrito acompañado do seu DNI ao mail: deportes@concellodabana.gal

A efectos de notificación todo corredor inscrito autoriza como medio de notificación legal o correo electrónico e o móbil.

Atentamente , A organización

Concello da Baña
Seixos Clube das sendas enxebres
Asociación A Baña Emprende